



CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TÉCNICO/A DE MUSEO, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL

En Ponteceso, sendo as 12 horas do día 28 de outubro de 2019, no Salón de Plenos da Casa do Concello constitúese o Tribunal que haberá de xulgar o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para Técnico/a de Museo, en réxime laboral temporal.

Pola resolución da alcaldía núm. 664/2019, de 24/10/2019, acordouse aprobar a listaxe de admitidos ao procedemento selectivo, nomear aos membros do tribunal, e fixar a data da celebración da primeira proba para o día 28 de outubro de 2019, ás 12 horas. Publicouse a mesma na páxina web municipal, www.ponteceso.gal, e no taboleiro de anuncios.

Na sobredita relación definitiva de admitidos, ao non haber excluídos, figura só a seguinte aspirante: Dª. Sonia María Castro Rodríguez.

Preside Dª. Lucía Mata Rodríguez, Interventora do Concello de Ponteceso; actúa como secretario D. Emilio Caínzos Quintás, secretario do Concello de Ponteceso; como vogais D. Francisco Javier Ulloa Arias, Interventor do Concello de Cambre; D. José Martínez Názara, coordinador de actividades culturais e deportivas do Concello de Cambre; e D. Pablo Bouza Suárez, xefe do servizo de cultura e educación do Concello de Culleredo.

O tribunal acorda, de conformidade coas bases da convocatória realizar o primeiro exercicio, que consistirá en responder un cuestionario con corenta preguntas, e cinco de reserva, sobre as materias que comprenden o programa, con catro respuestas alternativas, no tempo máximo dunha hora.

Comparece a única aspirante presentada e admitida, Dª. Sonia María Castro Rodríguez.

Rematado o tempo para a realización do primeiro exercicio procédese á súa corrección, acadando a aspirante a seguinte puntuación.

1º EXERCICIO

| Aspirante | Respostas correctas | Cualificación |
|-------------------------------|---------------------|---------------|
| CASTRO RODRÍGUEZ, SONIA MARÍA | 29 | 2,175- APTA |

O Tribunal acorda:

1º- Cualificar o primeiro exercicio da fase oposición á aspirante Dª. Sonia María Castro Rodríguez coa cualificación de APTA.

2º- Convocar á aspirante que acadou a cualificación de APTA á realización do segundo exercicio, o cal se realizará ás 12.00 horas do día 04-11-2019, no salón de Plenos da Casa do Concello de Ponteceso, por medio do anuncio na páxina web municipal, www.ponteceso.gal e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Sendo ás trece horas e quince minutos do devandito día a Presidenta remata a reunión do tribunal e redáctase a acta, por min o secretario, do todo o que dou fe.

Ponteceso, 28 de outubro de 2019.

A Presidenta

Lucía Mata Rodríguez

Os vogais

Francisco Javier Ulloa Arias

O Secretario

Emilio Caínzos Quintás

José Martínez Názara

Tel.: 981 71 40 00

Fax: 981 71 50 28

E-mail: concello@ponteceso.net

CIF: P1506900H



REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Pablo Bouza Suárez

A handwritten signature in black ink, appearing to read "Pablo Bouza Suárez".



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: OReo@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

AYUNTAMIENTO DE PONTECESO

r/ Ayuntamiento, 18
15110 Pontevedra (A Coruña)

PRIMER EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACION DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE TECNICO/A DE MUSEO, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL.

1. Sinal a afirmación correcta (art. 44 e 46 CE)

- a. Os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.
- b. Os poderes públicos garantirán a conservación e promoverán o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réxime xurídico e a súa titularidade. A lei penal sancionará os atentados contra este patrimonio.
- c. A lei penal sancionará os atentados contra o patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran.
- d. Todas son correctas.

2. Ao abeiro do Estatuto de Autonomía de Galicia, a competencia sobre os arquivos, bibliotecas e museos de interese para a Comunidade Autónoma, e que non sexan de titularidade estatal: (art. 27.18 EA)

- a. É exclusiva da Comunidade Autónoma Galega.
- b. É exclusiva do Estado.
- c. É exclusiva do Estado, se ben a xestión corresponde á Comunidade Autónoma Galega.
- d. Ningunha é correcta.

3. A defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego: (art. 32 EA)

- a. Corresponde á Comunidade Autónoma Galega.
- b. Corresponde á Comunidade Autónoma, previa autorización do Estado
- c. A tal fin, e mediante lei do Parlamento, constituirase un Fondo Cultural Gallego e o Consello da Cultura Galega.
- d. a. e c. Son correctas.

4. O patrimonio cultural de Galicia está constituído polos: (art. 1.2 lei 5/2016)

- a. Bens móveis ou inmóveis, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueológico, paleontológico, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.
- b. Bens móveis, inmóveis ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueológico, paleontológico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.
- c. Bens móveis, inmóveis ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueológico, paleontológico, etnológico, antropológico,



AYUNTAMIENTO DE PONTECESO

r/ Ayuntamiento, 18
15110 Pontevedra (A Coruña)

documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

- d. Bens móveis, inmóveis ou manifestacións inmateriais que, polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico, documental ou bibliográfico, deban ser considerados como de interese para a permanencia, recoñecemento e identidade da cultura galega a través do tempo.

5. Son órganos asesores en materia de patrimonio cultural: (art. 7 lei 5/2016)

- a. A Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa católica.
- b. A Comisión Técnica de Arqueoloxía.
- c. O Consello Asesor dos Camiños de Santiago.
- d. Todas son correctas.

6. Os bens do patrimonio cultural de Galicia: (art. 8.1 lei 5/2016)

- a. Poderán ser declarados de interese cultural ou catalogados.
- b. Poderán ser declarados de especial interese cultural ou catalogados
- c. Poderán ser declarados de especial protección ou catalogados
- d. Poderán ser declarados inmóveis ou catalogados.

7. Os bens inmóveis declarados catalogados integraranse nalgunha das seguintes categorías: (art. 10 lei 5/2016)

- a. Monumento
- b. Vías culturais.
- c. Territorio histórico
- d. Todas son correctas.

8. En relación ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia (art. 25 lei 5/2016)

- a. A xestión do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia corresponde á consellería competente en materia de patrimonio cultural.
- b. O datos do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia non son públicos.
- c. Os bens móveis só poderán ser incluidos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia individualmente.
- d. Os datos que deben figurar no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia se establecerán por lei.

9. Os museos (art. 111 lei 5/2016)

- a. son institucións de carácter permanente, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral.
- b. son institucións de carácter permanente, abertas ao público e con finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral.
- c. son institucións de carácter temporal, abertas ao público e sen finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral.



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: OReo@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

AYUNTAMIENTO DE PONTECESO

r/ Ayuntamiento, 18
15110 Pontevedra (A Coruña)

- d. son institucións de carácter temporal, abertas ao público e con finalidade de lucro, orientadas á promoción e ao desenvolvemento cultural da comunidade en xeral.

10. Son funcións dos museos (art. 112 lei 5/2016)

- A conservación, catalogación, restauración e exhibición ordenada das coleccións.
- A elaboración e publicación de catálogos e monografías dos seus fondos
- O desenvolvemento dunha actividade didáctica con respecto aos seus contidos
- Todas son correctas.**

11. ¿Qué é unha colección visitable? (art. 112 lei 5/2016)

- Aquela que non reúna tódalas características e condicións que constitúen os requisitos necesarios para o seu recoñecemento como museo.
- Aquela que non reúna tódalas características e condicións que constitúen os requisitos necesarios para o seu recoñecemento como museo, sempre que as súas persoas titulares faciliten, mediante un horario accesible e regular, a visita pública e o acceso do persoal investigador.**
- Aquela que ten un especial valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, paleontolóxico, científico e técnico, documental ou bibliográfico.
- Aquela que ten un especial valor didáctico.

12. Tódolos museos da Comunidade Autónoma de Galicia: (art. 115 lei 5/2016)

- Contarán cun rexistro para o tratamento administrativo dos fondos, que se reflectirá nun libro de inscrición.
- Contarán cunha versión dixital, de acceso abierto, con fins sociais, educativos e de interpretación.
- Contarán cun inventario e un catálogo para o tratamento científico-técnico e a identificación, control, estudio e difusión do patrimonio moble contido neles.
- Tódalas respuestas anteriores son correctas.**

13. Forman parte do Sistema Galego de Museos (art. 114 de lei 5/2016)

- Tódolos museos e coleccións visitables que se encuentren no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia**
- Tódolos museos que se encuentren no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia
- Tódolos museos e coleccións visitables que se encuentren no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia así como o patrimonio cultural de Galicia que se encuentre no exterior
- Tódolos museos que se encuentren no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia así como o patrimonio cultural de Galicia que se encuentre no exterior

14. Nos monumentos, sitios históricos, zonas arqueolóxicas e xardíns históricos declarados de interese cultural (art. 53 lei 5/2016):

- Queda prohibida a instalación de publicidade comercial
- Non poderán instalarse cables e antenas que prexudiquen a apreciación dos bens
- A colocación de rótulos, sinais ou símbolos vinculados exclusivamente a actividades de mecenado poderá ser autorizada pola consellería competente en materia de patrimonio cultural
- Todas son correctas.**



AYUNTAMIENTO DE PONTECESO

r/ Ayuntamiento, 18
15110 Pontevedra (A Coruña)

15. Calquera intervención nun ben inmóvel incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia (art. 65 lei 5/2016):

- a. necesitará a autorización previa da consellería competente en materia de patrimonio cultural
- b. necesitará a autorización previa do ministerio competente en materia de patrimonio cultural
- c. necesitará a autorización previa da comisión competente en materia de patrimonio cultural
- d. necesitará a autorización previa da concellería competente en materia de patrimonio cultural

16. O prazo de resolución das autorizacións para realizar intervencións sobre bens integrantes do patrimonio artístico declarados de interese cultural ou catalogados deberán resolverse nun prazo máximo de: (art. 85 lei 5/2016)

- a. Cinco meses
- b. Seis meses
- c. Tres meses
- d. Dos meses.

17. A creación, autorización e cualificación dun museo ou dunha colección visitable se realizará por acordo: (art. 113 lei 5/2016)

- a. Da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- b. Do Consello da Xunta.
- c. Da Dirección Xeral de Políticas Culturais
- d. Da Fundación da Cidade da Cultura

18. Os catálogos dos museos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia: (art. 115)

- a. Contarán cunha versión dixital á que se accederá previa autorización.
- b. Contarán cunha versión dixital de acceso aberto.
- c. Se extenderán en soporte papel e só poderán ser consultados no propio museo.
- d. Ningunha é correcta

19. No exercicio da actividade inspectora do patrimonio cultural: (art. 125 lei 5/2016)

- a. O persoal inspector non terá a condición de axente da autoridade pública
- b. O persoal inspector non poderá solicitar o auxilio e colaboración das forzas e corpos de seguridade
- c. Os feitos constatados polo persoal inspector no exercicio da función de vixilancia e control recolleranse na acta de inspección e gozarán de valor probatorio.
- d. Ningunha é correcta.

20. Terán a consideración de infraccións leves ao abeiro do artigo 129 da lei 5/2016 de 4 de maio de patrimonio cultural de Galicia:

- a. O incumplimento do deber de conservación



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: ORreo@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

AYUNTAMIENTO DE PONTECESO

r/ Ayuntamiento, 18
15110 Pontevedra (A Coruña)

- b. O incumprimento do deber de facilitar o acceso ao persoal habilitado para a realización de labores de inspección
- c. A realización de pintadas e outros actos vandálicos que causen danos ou deterioracións nun ben declarado de interese cultural ou catalogado.
- d. A destrucción de bens do patrimonio científico e técnico, declarados BIC ou catalogados

21. Segundo o artigo 133 da lei 5/2016 de 4 de maio de patrimonio cultural de Galicia, as infraccións graves se sancionarán cunha multa:

- a. De 8.001 e 125.000 euros
- b. De 6.001 a 150.000 euros
- c. De 5.001 a 100.000 euros
- d. De 10.001 a 75.000 euros

22. As infraccións administrativas de carácter moi grave tipificadas na lei 5/2016 de 4 de maio de patrimonio cultural de Galicia prescribirán:

- a. Aos tres anos
- b. Aos cinco anos.
- c. Aos dez anos
- d. Nunca.

23. A asociación de casas-museo e fundacións de escritores (ACAMFE):

- a. É unha entidade sin ánimo de lucro có fin de promocionar e difundir a literatura en xeral e a de cada escritor en particular
- b. É unha entidade con ánimo de lucro có fin de promocionar e difundir a literatura en xeral e a de cada escritor en particular
- c. Se constitúe sin patrimonio fundacional algúin pero poderá ter un patrimonio propio que será inventariado anualmente.
- d. a) e c) son correctas

24. ¿En que século morreu Eduardo Pondal?

- a. a. XIX
- b. b. XX
- c. c.XVIII
- d. d. XXI

25. ¿Cal das seguintes obras pertence a Eduardo Pondal?

- a. Queixumes dos pinos
- b. Os de sempre
- c. 20 poemas de amor e unha cantiga desesperada.
- d. Tempo de silencio.

26. A Igrexa de San Vicenzo está situada na parroquia de:

- a. Tella
- b. Pazos



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: ORreo@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

AYUNTAMIENTO DE PONTECESO

r/ Ayuntamiento, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

- c. Tallo
- d. A Graña

27. A Igrexa parroquial de San Adrián de Corme Aldea data de finais do século:

- a. XVI
- b. XVII
- c. XVIII
- d. XIX

28. A Pedra da Serpe está situada na parroquia de:

- a. Langueirón
- b. Gondomil
- c. Corme Aldea
- d. Brantuas

29. O Cruceiro de San Fiz está situado na parroquia de:

- a. Anllóns
- b. Niñóns
- c. Cores.
- d. Nemeño

30. A Fundación Eduardo Pondal foi constituída en escritura pública outorgada en Ponteceso:

- a. o 29 de xullo de 2010.
- b. o 22 de febreiro de 2011
- c. o 15 de marzo de 2012
- d. o 27 de febreiro de 2013

31. A Fundación Eduardo Pondal foi clasificada de interese cultural e adscrita ao Protectorado da Consellería de Cultura e Turismo: (DOG núm. 74 de 14.04.2011)

- a. Por Orde de 17 de outubro de 2010 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- b. Por Orde de 31 de marzo de 2011 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- c. Por Orde de 13 de xullo de 2012 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- d. Por Orde de 22 de setembro de 2013 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

32. A Fundación Eduardo Pondal foi declarada de interese galego: (DOG 20.07.2011)

- a. Por Resolución de 26 de decembro de 2010 da Consellería de Cultura e Turismo.
- b. Por Resolución de 5 de xullo de 2011 da Consellería de Cultura e Turismo
- c. Por Resolución de 5 de setembro de 2012 da Consellería de Cultura e Turismo.
- d. Por Resolución de 1 de decembro de 2013 da Consellería de Cultura e Turismo.



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: OReo@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

AYUNTAMIENTO DE PONTECESO

r/ Ayuntamiento, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

33. A Fundación Eduardo Pondal ten por obxecto:

- a. A divulgación da obra "Queixumes dos Pinos"
- b. Promover e divulgar a obra do escritor local e de proxección galega, Eduardo Pondal Abente.
- c. Promover e divulgar a cultura galega en xeral.
- d. Promover e divulgar a obra do escritor local e de proxección galega, Eduardo Pondal Abente, e a cultura galega en xeral

34. ¿En que estilo arquitectónico encadraría a sede do MELGA?

- a. Dadaista
- b. Cubista
- c. Modernista
- d. Neoclásico.

35. ¿Cantas salas ten o MELGA?

- a. 1
- b. 2
- c. 3
- d. 4

36. ¿Cal dos seguintes lugares ou monumentos non situaría no concello de Ponteceso.?

- a. Porto de Corme
- b. Praia de Balarés
- c. Dolmen de Dombate
- d. Praia de Niños

37. ¿Cal das seguintes carreiras cursou Eduardo Pondal.?

- a. Arquitectura.
- b. Matemáticas.
- c. Dereito.
- d. Medicina.

38.¿ Cal das seguintes non é unha parroquia de Ponteceso?

- a. Cospindo.
- b. Bemantes.
- c. Graña
- d. Xornes.

39. ¿Con que concellos limita Ponteceso?

- a. Cabañas, Malpica e Zas.
- b. Cabana de Bergantiños, Laxe, Carballo, Coristanco e Malpica de Bergantiños.
- c. Cabana de Bergantiños, Carballo e Malpica de Bergantiños.
- d. Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco e Malpica de Bergantiños.



Tel.: 981 71 40 00
Fax: 981 71 50 28
E-mail: ORreo@ponteceso.net
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

AYUNTAMIENTO DE PONTECESO

r/ Ayuntamiento, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

40. Non está situado no Concello de Ponteceso:

- a. A Saimia.
- b. O Pazo de Sergude
- c. O Mirador de Monte Branco
- c. Todas as respuestas anteriores son correctas.**

PREGUNTAS DE RESERVA

1. A creación de museos propios farase : (art. 5 RD 314/1986)

- a. Por Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural
- b. Por Decreto da Xunta de Galicia, por proposta do Conselleiro de Cultura e Turismo**
- c. Por Resolución da Dirección Xeral de Políticas Culturais.
- d. Por Decreto do Conselleiro de Cultura e Turismo

2. O Rexistro Xeral de Museos (art. 17 RD 314/1986)

- a. Ten carácter público e gratuito
- b. Está adscrito á Consellería de Cultura
- c. Nel se inscribirán todos los museos radicados en Galicia con descripción das súas características e dos fondos que albergan
- d. Todas son correctas.**

3. Tanto os museos propios como os concertados se rexerán (art. 11 RD 314/1986)

- a. Por un Padroado
- b. Por unha Xunta de Goberno
- c. Por un Consello Rector
- d. Ningunha é correcta**

4. Non radica no Concello de Ponteceso

- a. A Pedra da Serpe
- b. Castro de Cores
- c. Mámoa dos Torrados
- d. Mámoa do Rei**

5. ¿Cal das seguintes praias non pertence ao Concello de Ponteceso?

- a. Praia de Silgar**
- b. Praia de Niñóns
- c. Praia de Balarés
- d. Praia da Arnela